

13-V-1981

1.º CONGRESO DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

Cen mil primaveras máis para Galiza

Cando xa esta edición estaba practicamente cerrada, remataba no Mosteiro de Poio, Pontevedra, o "I Congreso de Escritores en Língua Galega" que reuniu nos días 2, 3 e 4 a case dúascentas persoas entre congresistas e invitados. Coa premura que nos impón o tempo e o espazo, imos tentar facer unha crónica deixando para semanas sucesivas unha análise máis polo miúdo do que foi este Congreso e do que pode supor para Galiza.



"Algun día aos nenos galegos se lle ensinará este dous de Maio como día da liberación da nosa cultura", dicía Bernardino Graña, Presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega, no acto de clausura do I Congreso de Escritores en Língua Galega.

As "Cen mil primaveras máis" das que tamén falaba e que eran o lema do congreso serán posíbeis sobre todo se se cumpren as resolucións tomadas:

Este Congreso rexeita todo recorte na liberdade de expresión. A esixencia dos medios de comunicación estatais, rádio e televisión que nos seus programas utilicen a lingua galega. Que todos o medios de comunicación non reduzcan a "gheto" as seccións de cultura e literatura galega, poñendo ao fronte a un especialista nesta materia.

Reivindicación do acceso do escritor galego aos medios de comunicación.

Maior participación do escritor.

Posta en marcha do terceiro canal de TV e dunha carta emisión de Rádio Nacional en Galiza exclusivamente en galego.

A creación dunha facultade de Ciencia da Información na Universidade galega e ao servizo da Língua e cultura da nosa comunidade nacional.

A concesión inmediata das emisoras de FM xa solicitadas a aqueles que se comprometeron a emitir exclusivamente en galego.

Que o escritor se negue a que as suas declaracións ou obras señan traducidas en calquer meio de comunicación galego.

A resolución comun de non publicar nos medios de comunicación traballos cando non se reciba unha remuneración digna.

Creación dunha sociedade de autores galegos através da cal se devengarán os dereitos de autores.

Reivindicación da presenza de autores de teatro galegos na TV.

Escola galega e en galego a todos os niveis.

Que se corrixa os erros e os enfoques erróneos sobre a literatura galega no ensino.

Derogación do decreto de bilingüismo.

O uso do galego na administración.

Proposta dunha xornada de lingüística sobre a normatización do idioma cunha base de acordo de dez puntos que redactou na sua ponencia Víctor Baqueiro.

Centralización da relación económica de autor editor por un canle unitario xestionada através da Asociación de Escritores.

Elaboración dun estudo sobre irregularidades e arbitrariedades no trato dos autores por parte de editores e medios de comunicación.

Propiciar ao máximo o contacto coa literatura nas áreas de expresión luso-brasileira.

Sacar unha revista bimensual.

Estas foron as resolucións

recollidas ao longo das diferentes ponencias e propostas pola directiva da Asociación de Escritores en Língua Galega e que se tentarán poñer en práctica.

INAGURACION

A inauguración deste congreso que tivo lugar o día dous de maio abriuse cunhas verbas do presidente da AELG, Bernardino Graña que resaltou a importancia deste congreso e dos escritores galegos na toma de conciencia nacional. A continuación tomou a palabra R. Dieste quen manifestou a lección que lle producía este congreso, despois de facer un paseo emocionado polo percorrer dos literatos galegos e das suas relacións.

Tomou a palabra a continuación Carballo Calero, que despois de afirmar que os vellos quixeron deixarlle paso "a mentes máis activas e pernas máis lixeiras", manifestou que o que seña a lingua galega depende dunha administración galega afirmando asimesmo "que o que uns homes torceron outros homes poden endireitar".

Cerrou este acto de inauguración Alfonso Pexegueiro, verdadeira "alma mater" deste Congreso e sobre quen recaeu todo o traballo de organización.

O Secretário da AELG dixo na sua intervención que "o rexurdimento dos pobos asoballados e o nacionalismo son síntomas que manifestan a necesidade do cambio para

sobrevivir. A lingua non poderallea. Este congreso ven a dicilo tamén así". Pasando a continuación a ler cartas e telegramas recibidos entre os que se encontraban os das Asociacións de Escritores de Angola e Cabo Verde.

PONENCIAS

A primeira ponencia presentada foi a de Basilio Losada que versou sobre a narrativa galega. A continuación espuxo a súa ponencia Pilar Garcia Negro sobre a presenza do noso idioma e da literatura no ensino, para facelo máis tarde Pilar Vázquez Cuesta sobre os "problemas da literatura galega na súa proxección exterior".

Para rematar o primeiro día de congreso falaron os escritores portugueses Casimiro Brito, Egito Gonçalves, X. Augusto Seabra, Manoel Ferreira e o Brasileiro Claudio Murilo, seguido dun colóquio que sen dúbida pudo dar moito máis de si.

O día tres comezouse coas ponencias sobre "o escritor e a lingua", que expuxeron Víctor Baqueiro, Anxo Murado e Antón Santamarina. Xosé Ramón Pena chegou un pouco tarde, polo que a súa ponencia foi lida a medias. Foron sen dúbida estas ponencias das máis interesantes do congreso, desatándose unha forte discusión entre os partidarios da normativa do Instituto da Língua Galega e os lusistas. Ao final deixou-se ver que se podía chegar a un acordo e que había outras discrepancias máis fondas que as propriamente lingüísticas.

Subiron logo ao estrado de oradores, detrás do que se encontraba un mural de Moldes, os integrantes do Grupo Rompente que falaron "sobre a actitude literaria", e Manoel Cuña Novás "a poesía".

A tarde deste día tres comezou cunha ponencia sobre "O escritor e os meios de Comunicación", presentada por Víctor Freixanes, Manolo Rivas, Álvarez Pousa e Margarita Ledo, quedando de manifesto, tanto nas intervencións como no colóquio a

importancia dos meios de comunicación na lingua e na cultura.

Interviu logo Méndez Ferrin cunha ponencia sobre o "Escritor Galego", onde o que máis fixo foi atacar ao Bloque.

Para cerrar este día falou o escritor peruano Manoel Escorza que non conectou absolutamente coa realidade galega nen cos escritores galegos. Alguen se preguntaba despois quen trouxera esta persoa.

Iniciouse o traballo do último día cunha ponencia de Tino Rábade "sobre a literatura Galega ante o desencanto para a continuación facelo Vidal Bodaño sobre o teatro.

A seguinte intervención estivo a cargo de X. Iñacio Taibo e versou "sobre a supervivencia do escritor galego", para facelo logo Santamarina. Conde sobre "os estudos económicos en Língua Galega".

Pola tarde Pilar Garcia Negro e Xosé M^a Dobarro presentaron outras ponencias sobre a lingua, para pasar logo ao capítulo de conclusións e acto de clausura.

Ao longo de todas as ponencias e debates quedou unha cousa clara, que o problema da lingua galega e dos escritores galegos precisa dunha solución política que pase polo poder de decisión galego.

PONTO FINAL E SEQUE

Foi ademais este encontro unha ocasión de convivencia importante entre os escritores galegos, moitos dos cales non se coñecían persoalmente aínda que fose abundante a correspondencia.

Para rematar quixeramos facelo co saúdo do programa:

"Este I Encontro de Escritores en Língua Galega, non só significa a autoafirmación das nosas letras e do noso idioma dentro das amplas coordenadas culturais do noso país, e do mundo universal formado polas diferentes culturas e pobos, senón un anovamento da nosa actitude literaria e de creación, e da dialéctica do

ser que se sabe que é nos espácos libres onde se atopa a atmosfera imprescindible e necesaria para sobrevivir e soñar".

Aqueles que non quixeron dialogar saberán por qué. Estaban case todos os que son.

ALFONSO EYRE

Nº 153 / 7-13 MAIO / 1981

